

ORDENANZA FISCAL Nº 27 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL

Artigo 1. Fundamento e natureza.

Ao abeiro do previsto no texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no que este Concello, establece e esixe a taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial dos bens de dominio público local especificados nas tarifas incluídas no artigo 6 e segundo as normas contidas nesta ordenanza, dos que aqueles son parte integrante.

Artículo 2. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local no chan, subsolo e voo con:

- Ocupación da vía pública (OVP) por valos, puntais, armazón de esteos, estadas, etc.
- OVP por entrada e saída de vehículos, vaos, reservas de aparcadoiro, peches de rúa, etc.
- OVP por mesas, cadeiras, elementos análogos con finalidade lucrativa
- OVP por postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións e industria de rúa e ambulantes.

Artigo 3. Exencións.

O Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais non estarán obrigados ao pago desta taxa polos aproveitamentos inherentes aos servizos públicos de comunicacións que exploten directamente e por todos os que inmediatamente interesen á seguridade cidadá ou á defensa nacional.

Artigo 4. Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades ás que se refiren os artigos 35 e 36 da Lei xeral tributaria, que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, conforme algún dos supostos previstos no cadro de tarifas da presente ordenanza.

2. Terán a condición de substitutos do contribuínte na taxa establecida por utilización privativa ou aproveitamento especial por entradas de vehículos ou carruaxes a través das beirarrúas e pola súa construción, mantemento, modificación ou supresión, os propietarios das leiras e locais aos que dean acceso estas entradas de vehículos, quen poderá repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

3. A obriga de pago esixirase tanto ao que figure como titular da autorización como a quen a realice de feito sen contar coa debida autorización.

Artigo 5. Obriga de contribuír e Devengo da taxa.

1. A obriga de contribuír nacerá no momento de comezar a prestación do servizo, que ten lugar dende que se formula a solicitude da utilización ou aproveitamento, ou desde o momento que se inicie o uso privativo ou aproveitamento especial, ou desde que se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade.

Nos aproveitamentos permanentes o devengo da taxa producirase desde o primeiro día do período impositivo que comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio ou cese da utilización privativa ou aproveitamento especial no que o período impositivo axustarase prorrateando a cuota por semestres naturais. incluído o do comezo ou cese de exercicio da actividade.

2. Cando por causas imputables ao Concello a actividade administrativa non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente.

3. A obriga de contribuír non se verá afectada ou modificada pola denegación no seu caso da autorización, concesión con modificacións da solicitude, renuncia ou desistimento do solicitante.

4. A obriga de contribuír a taxa producirase aínda que a autorización da licenza veña imposta polas normas que regulan o silencio administrativo positivo.

5. Cando o interesado desista ou renuncie, expresamente, á licenza ou autorización solicitada se ésta aínda non foi outorgada, procederá o pago do 20% da cota correspondente. Cando o desistimento ou a renuncia se produza cando a licenza ou autorización xa foi outorgada, ou se lle denegue, procederá o pago do 50% da taxa correspondente.

En todo caso a tarifa mínima establecida para cada grupo de tarifas deberá ser pagada.

Si o expediente de outorgamento de licenza ou autorización non se rematase, por causas imputables ao Concello, non procederá o abono da taxa.

6. As alteracións que se produzan nas condicións da autorización por cambios na titularidade ou por cambios nos elementos cuantificadores da taxa, durante a vixencia daquela, unicamente terán efectividade no período impositivo seguinte a aquel en que tiveran lugar. Non obstante, elo non impedirá a liquidación inmediata da taxa que corresponda cando sexan descubertas ocupacións de feito non autorizadas e a aplicación das sancións que correspondan.

7. As ocupacións de dominio público suxeitas a estas taxas que se efectúen sen a preceptiva autorización, ou excedéndose daquela, darán lugar á adopción das medidas de restauración do orde xurídico infrinxido e da realidade física alterada, e á imposición das sancións que prevean as normas que resulten de aplicación a tal suposto.

No suposto de iniciarse o aproveitamento e ou ocupación sen a obtención da correspondente autorización, ou se a ocupación e ou aproveitamento se realizase por maior tempo, mais elementos ou superficie dos autorizados, a taxa devengarase cando se inicie a actividade municipal conducente a determinar se aquela se axusta ou non á normativa, e elo con independencia da iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para autorizar a mesma ou decretar a súa retirada, se non fora autorizable a ocupación.

En particular, os axentes da Policía Local procederán a formular a oportuna denuncia. A expresada denuncia dará lugar á incoación do correspondente expediente sancionador, pola infracción tipificada nas correspondentes ordenanzas reguladoras que resulten de aplicación en cada caso; e, simultaneamente, se utilizará para practicar a correspondente liquidación, ou ben, para practicar unha liquidación complementaria pola diferenza entre a cota liquidada e a que corresponda, segundo os feitos e datos que consten na denuncia.

A efectos de ditas liquidacións, e para o suposto específico da tarifa terceira (OVP por mesas, cadeiras, elementos análogos con finalidade lucrativa) establécense as seguintes presuncións:

A) Que o tempo de ocupación foi ininterrumpido durante 6 meses.

B) Que a contía da liquidación determinarase atendendo ao número de elementos detectados fora do perímetro autorizado, ou aos colocados sen autorización (segundo conste na denuncia) integrándose en dita liquidación todos e cada un dos epígrafes da tarifa terceira que resulten de aplicación segundo o caso.

Artigo 6. A cota tributaria.

A cota tributaria da taxa será a que resulte segundo a tarifa contida nos cadros seguintes para cada tipo de utilización privativa ou aproveitamento especial.

CADRO DE TARIFAS

TARIFA PRIMEIRA-OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA (OVP) POR VALOS, PUNTAIS, ARMAZÓN DE ESTEOS, ESTADAS, ETC				
POR CATEGORÍAS RÚAS		1ª	2ª	3ª
1.1.1	OVP por valos. Por m2 ou fracción/mes	3,19 €	2,41 €	1,69 €
1.1.2	OVP por valos. Por m2 ou fracción /semana	0,80 €	0,60 €	0,42 €
1.2.1	OVP por beirís, estadas ou outros análogos. Por m2 ou fracción /mes	3,19 €	2,41 €	1,69 €

1.2.2	OVP por beirís*, estadas** ou outros análogos. Por m2 ou fracción /semana	0,80 €	0,60 €	0,42 €
1.3.1	OVP por puntais, asais ou outros elementos de apeo. Por elemento/mes	0,91 €	0,91 €	0,91 €
1.3.2	OVP por puntais, asais ou outros elementos de apeo. Por elemento/semana	0,23 €	0,23 €	0,23 €
1.4.1	OVP por guindastres e aparellos mecánicos análogos por m ² de ocupación/mes	4,04 €	4,04 €	4,04 €
1.4.2	OVP por guindastres e aparellos mecánicos análogos por m ² de ocupación/semana	1,01 €	1,01 €	1,01 €
1.5.1	OVP por báscula automática, por unidade/mes	41,14 €	41,14 €	41,14 €
1.5.2	OVP por báscula automática, por unidade/semana	10,29 €	10,29 €	10,29 €
1.6.1	OVP por colectores de obra por unidade/mes	41,14 €	41,14 €	41,14 €
1.6.2	OVP por colectores de obra por unidade/semana	10,29 €	10,29 €	10,29 €
Por instalación e ano				
1.7	OVP con caixeiros automáticos, instalados con fronte directa á vía pública, en liña coa fachada	342,01 €	342,01 €	342,01 €
1.8	OVP por aparatos de venda automática, fotografía ou similares instalados con fronte directa á vía pública, en liña coa fachada. (Cando a OVP sexa con ocupación do chan público verase incrementado nun 50%)	342,01 €	342,01 €	342,01 €
1.9	OVP por surtidor de gasolina, gasóleo, ou outro produto por m ² ou fracción	3,96 €	3,96 €	3,96 €
1.10	OVP por outros depósitos	3,96 €	1,55 €	0,61 €
No caso de que o inmovible dea fronte a varias rúas aplicarase o coeficiente correspondente á rúa de maior categoría.				
Cotas mínimas da tarifa primeira				
Tarifa mínima por OVP por valos tarifa 1.1.1		34,32 €	34,32 €	34,32 €
Tarifa mínima por OVP por valos tarifa 1.1.2		8,58 €	8,58 €	8,58 €
Tarifa mínima por OVP por tarifas 1.2.1 e 1.3.1		25,74 €	25,74 €	25,74 €
Tarifa mínima por OVP por tarifas 1.2.2 e 1.3.2		6,44 €	6,44 €	6,44 €
Tarifa mínima por OVP por tarifas 1.4.1, 1.9 e 1.10		10,73 €	10,73 €	10,73 €
Tarifa mínima por OVP por tarifas 1.4.2		2,68 €	2,68 €	2,68 €
* voadizo				
**andamios				

TARIFA SEGUNDA-OVP ENTRADA E SAÍDA DE VEHÍCULOS E VAOS				
TARIFA 2.1 ENTRADAS E SAÍDAS DE VEHÍCULOS				
Por cada entrada /ano				
Epig.				
2.1.1	Almacéns por xunto e almacéns			180,21 €
2.1.2	Empresas de transportes de viaxeiros e mercadorías			261,72 €

2.1.3	Establecementos de exposición de vehículos automóbiles	125,50 €
2.1.4	Talleres mecánicos, lavados, pintura e outros similares	180,21 €
Por cada praza de aparcamento/ano		
2.1.5	Garaxes industriais *	8,58 €
Por entrada		
2.1.6	Entrada a obra de nova construción ou reparacións por mes ou fracción	107,26 €
2.1.7	Outras actividades non contempladas nas anteriores. Por ano	160,90 €
GARAXES PRIVADOS E COMUNITARIOS		
Por entrada e ano		
2.1.8	Garaxes privados e comunitarios con capacidade ata 4 vehículos e accesos a todo tipo de inmobles non contemplados noutros epígrafes.	32,18 €
2.1.9	Garaxes de 5 a 10 prazas	80,45 €
2.1.10	Garaxes de 11 a 25 prazas	107,26 €
2.1.11	Por cada praza adicional a partir de 25, por praza e ano	1,61 €
TARIFA 2.2 VAOS		
Por metro lineal ou fracción de calzada a que alcance a reserva de estacionamento/ano		
2.2.1	Vaos permanentes	30,04 €
2.2.2	Vaos provisionais	30,04 €
2.2.3	Vaos laborais	21,45 €
2.2.4	Vaos obra	21,45 €
2.2.5	Por cada metro ou fracción adicional ao ano	37,55 €
Por cada vehículo/ano		
2.2.6	Reserva parada de taxi	24,67 €
2.2.7	Reserva parada de transporte lixeiro	45,05 €
Por traspaso		
2.2.8	Por traspaso de parada de taxi,	658,60 €
TARIFA 2.3 RESERVAS DE APARCADOIRO		
Por metro lineal ou fracción de ocupación		
2.3.1	Reserva de espazo temporal ao día	2,14 €
2.3.2	Reserva permanente ao ano	80,18 €
TARIFA 2.4 PECHES DE RÚA		
Por día		
2.4.1	Peche de rúa completa	117,99 €
2.4.2	Peche dun carril en rúas de dobre sentido de circulación	85,81 €
2.4.3	Peche dun carril habendo máis no mesmo sentido	42,91 €
2.4.4	Peche de rúa peonil	85,81 €
TARIFA 2.5 SUBMINISTRACIÓN DE PLACAS		

2.5.1	Subministración de placas de reserva (servizo exclusivo para Policía Local)	16,09 €
TARIFA 2.6 SUBMINISTRO DE ESPELLOS DE SINALIZACIÓN		
2.6.1	Subministro e colocación de espello D 600 m/m con suxeición	216,22 €
2.6.2	Subministro e colocación de espello D 800 m/m con suxeición	291,05 €
2.6.3	Reposición de espello D 600 m/m en suxeición existente	144,91 €
2.6.4	Reposición de espello D 800 m/m en suxeición existente	219,74 €
Cotas mínimas da tarifa segunda		
	*Cota mínima por garaxes industriais (epígrafe 2.1.5)	75,09 €
	Cota mínima en calquera caso para todas as tarifas de taxas incluídas na tarifa segunda	16,09 €

TARIFA TERCEIRA: OVP POR MESAS, CADEIRAS, ELEMENTOS ANÁLOGOS CON FINALIDADE LUCRATIVA		
Tarifa 3.1 Licenzas		
Epígrafes		Por MES
3.1.1	Licenzas por ocupación por mesa e catro cadeiras	12,51 €
3.1.2	Licenzas por elementos análogos (antucas, paneis,xardineiras...)	3,57 €
3.1.3	Licenzas por ocupación con estruturas fixas de chan ou cubrición	3,13 €/m ²
Tarifa mínima		12,51 €
<p>-A taxa final será a resultante da agregación das correspondentes a cada un dos epígrafes que sexan de aplicación.</p> <p>-As licenzas outorgaranse por períodos anuais, como máximo, e dentro do mesmo exercicio (1 de xaneiro a 31 de decembro).</p> <p>-A taxa máxima aplicable ás tarifas 3.1.1, 3.1.2 e 3.1.3 será a correspondente a 6 meses, ata acadar o ano de duración.</p>		
* Non están incluídos nos elementos análogos: estufas, bocois (sempre que non se acompañen de cadeiras).		

TARIFA CUARTA: OVP POR POSTOS, BARRACAS, CASSETAS DE VENDA, ESPECTÁCULOS, ATRACCIÓNES E INDUSTRIA DE RÚA E AMBULANTES		
Tarifa 4.1 Licenzas permanentes		
Epígrafes		Por ano
4.1.1	Licenzas para o feirón de Santa Lcía e outros	
	4.1.1.1. Postos de ata 6 metros	68,58 €
	4.1.1.2. Postos de 7 a 12 metros, soamente para vehículos tenda e furgóns	128,58 €
	4.1.1.3. Postos de máis de 12 metros, soamente de restauración	1.208,58 €
4.1.2	Restantes licenzas de venda ambulante con carácter permanente en zonas autorizadas ou habilitadas para tal efecto	85,81 €
Tarifa 4.2 Licenzas temporais		
Por Acto (feirón, feira, festa)		

4.2.2	Por polbeiras e postos de restauración	127,65 €
Por m²/día		
4.2.3	Postos de venda en feirón ou feira	0,97 €
4.2.4	Espectáculos ou atraccións	0,15 €
Tarifa mínima temporal		21,45 €

ARTIGO 7. NORMAS DE XESTIÓN.

- 1) As persoas interesadas no concesión de aproveitamentos regulados na presente ordenanza, deberán solicitar previamente a correspondente licenza ou autorización, segundo a ordenanza reguladora de cada un dos servizos, acompañando no caso das licenzas, un plano detallado da situación do aproveitamento solicitado. As autorizacións especificadas nas tarifas 2.3 e 2. 4, deberán contar previamente co informe da policía municipal.
- 2) Os aproveitamentos novos, poderán ser obxecto de autoliquidación, ou liquidación por exacción directa na Facenda municipal, en función do determinado no regulamento propio do servizo. Nos supostos de aproveitamentos permanentes, autorizados e prorrogados, de tracto periódico, incluíranse en padróns ou matrículas con remuneración o primeiro día do período natural sinalado na tarifa correspondente.
No caso da tarifa terceira, as posteriores cotas anuais serán esixibles dende o primeiro día do ano natural, se ben poderase elaborar un Padrón anual, tanto para aqueles aproveitamentos cuxo período impositivo sexa anual coma para aqueles que se soliciten por tempada, segundo o establecido na Ordenanza Xeral de Xestión, sendo obxecto de notificación colectiva. Non será necesario notificar expresamente as variacións que recollan o consignado en declaracións ou documentos presentados polo contribuínte. É obrigación do contribuínte comunicar calquera variación e solicitar a baixa no Padrón no momento que deixe de producirse o aproveitamento.
Para a inclusión no Padrón deberá indicarse, na solicitude da licenza de ocupación, si a solicitan para un período exclusivamente ou si vai ter carácter periódico ou prorrogado.
- 3) A presentación de baixa, causará efectos a partir do día primeiro do período natural de tempo sinalado na tarifa correspondente. A non presentación da baixa antes da data do remuneración da taxa correspondente, implica a obriga de pago da mesma polo período percibido.
- 4) Por parte da Facenda municipal poderán establecerse modelos normalizados de autoliquidación e liquidación para a súa tramitación electrónica.
- 5) A tramitación das solicitudes de licenza serán reguladas polas ordenanzas específicas do servizo correspondente, no seu defecto, as solicitudes serán dirixidas ao Alcalde-Presidente do Concello acompañadas dos planos e documentación necesaria para adoptar a resolución de concesión.
- 6) No caso de non producirse ingreso previo, a notificación da concesión da licenza, irá acompañada da notificación da liquidación da taxa correspondente.
- 7) Cando a utilización privativa ou aproveitamento especial teñan aparelada a destrución ou deterioro de dominio público, ou cando ocasionalmente se produzan danos no pavimento ou instalación da vía pública, o beneficiario, sen prexuízo do pago da taxa a que tivera lugar, estará obrigado ao reintegro do custo total dos gastos da reconstrución ou amaño e depósito previo do seu importe .
- 8) As cantidades esixibles de acordo coa tarifa liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreducibles polos períodos naturais de tempo sinalados nas respectivas epígrafes. Se non se determinou a duración do aproveitamento, unha vez

autorizada a ocupación, entenderase prorrogada mentres non se presente declaración de baixa.

- 9) No caso de solicitude de ocupación de vía pública, específica na tarifa 1.6, solicitada por empresas dedicadas ao aluguer de colectores de obra, poderase facer unha liquidación provisional da taxa con carácter anual, calculada en función da media de dereitos liquidados pola mesma empresa no exercicio inmediatamente anterior. Rematado o exercicio, a Administración tributaria poderá realizar a liquidación definitiva unha vez computados o total de metros de ocupación autorizados nas distintas tarifas.
- 10) A imposición de sancións conforme a normativa específica que regula os aproveitamentos de dominio público, non impedirá en ningún caso, a liquidación e cobro das taxas percibidas.
- 11) As autorizacións da utilización privativa, poderán realizarse a través de procedementos de licitación pública, caso no que a taxa, virá determinada polo valor económico da proposición sobre a que recaía a concesión, autorización ou adxudicación
- 12) No caso de utilización privativa en razón de obras, se estas se interrompesen durante un tempo superior a 2 meses, sen causa xustificada, as contías resultantes da tarifa 1.1 sufriran unha recarga do 100% a partir do terceiro mes, e no caso de que unha vez rematadas as obras continúen os aproveitamentos, as contías serán recargadas nun 200%.
- 13) Os puntais e estadas que estean situados dentro do perímetro limitado polo valo non darán lugar a liquidacións, senón que estarán comprendidos nas tarifas correspondentes ao concepto específico de valos. A partir do sexto mes a tarifa do OVP por valos, experimentará un incremento acumulativo do 10% por cada mes de exceso
- 14) As autorizacións previstas na tarifa cuarta, terán carácter persoal e non poderán ser obxecto de cesión ou subarrendo a terceiros. O incumprimento deste apartado dará lugar á anulación da licenza sen prexuízo das contías que correspondan polas sancións previstas na normativa específica.
- 15) Os postos situados na Feira do Trece, quedan excluídos na tarifa cuarta da presente ordenanza, en atención á singularidade histórica da feira e o interese municipal na súa promoción.
- 16) En relación ás tarifas 2.1.5 e 2.1.11, cando na propia licenza non estea indicado o número de prazas, computarase unha praza cada 25 m² de superficie.
- 17) No relativo ás tarifas 2.5 Peches de rúas, a sinalización dos cortes de tráfico coas correspondentes medidas de seguridade, corren a conta do interesado
- 18) En relación ás tarifas recollidas na tarifa segunda ovp entrada e saída de vehículos e vaos, ou vaos e reservas que superen a reserva de 3 metros, terán carácter excepcional e requirirá informe previo da policía local.
- 19) As tarifas 2.2.1 (vao permanente) e 2.2.2 (vao provisional) son excluíntes unha da outra para o mesmo período e idéntico obxecto, percibindo a tarifa de vao permanente, o primeiro día do período impositivo inmediatamente posterior á súa concesión.

ARTIGO 8. INFRACCIONS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS.

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que a elas corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e na Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA.

1. No caso de concorrer circunstancias de forza maior declaradas polo Estado/CCAA que impidan o desenvolvemento da actividade económica para o obrigado tributario, non se realizará o feito impositivo e polo tanto, non se reivindicará a taxa establecida nas tarifas afectadas e previstas na presente ordenanza fiscal.

2. Nos periodos temporales en que existiran limitacións por motivos de carácter sanitario, hixiene, saúde pública, ou calesqueira outras razóns de forza maior que impidisen o desenvolvemento normal e ordinario da actividade económica polos obrigados ao pago, establécese a seguinte tarifa reducida e na que o valor do dominio público local resulta modulado pola “utilidade que de dito aproveitamento” pode realizar o obrigado ao pago nese periodo:

Tarifa 3.1.1. Licenzas por ocupación por mesa e catro cadeiras por mes.....6,25 €

3. No suposto dos apartados 1 e 2 anteriores, procederase á devolución da taxa ou ao prorrateo da cota correspondente ao periodo non ocupado ou con restricións á ocupación (segundo corresponda en cada caso), computándose a estos efectos, como quincena completa de ocupación as fraccións de máis de sete días de efectivo aproveitamento.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA.

1.- Con carácter excepcional, debido á crise económica e social causada pola pandemia do COVID19, suspéndese a aplicación da tarifa terceira: “OVP por mesas, cadeiras, elementos análogos con finalidade lucrativa” desta Ordenanza Fiscal desde o día 01/01/2021 até o día 31/12/2021.

2.- Se algún contribuínte tivese xa aboado as taxas correspondentes a ocupacións que abrangan ese período, poderán solicitar a devolución dos ingresos que correspondan.

3.- Unha vez transcorrido o prazo sinalado no parágrafo primeiro desta disposición, a tarifa da Ordenanza volverá a aplicarse, a partir do 01/01/2022.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro do 2021, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.